

Méritos	Puntos	Documentos xustificativos
4.1.2. Por publicacións de carácter científico ou didáctico.	Ata 0,500 puntos	Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN, en virtude do disposto polo Decreto 2984/72, do 2 de novembro, ou, se é o caso, ISSN ou SMN, carezan del, non serán valoradas, así como aquelas en que o editor/a sexa o autor/a delas. No caso de libros, os exemplares correspondentes, así como certificado da editorial onde conste o número de exemplares e que a difusión destes foi en librerías comerciais. Para a valoración de libros editados polas universidades, organismos ou entidades públicas, será necesario achegar certificación en que conste a distribución destes. No caso de revistas, certificación en que conste o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, a que pertence a revista. Nos supostos en que a editorial ou asociación desapareceran, este aspecto terá que xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito. No caso de publicación que só se dea en formato electrónico, presentárase un informe oficial en que o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indícarase a base de datos, o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final.
4.2. Preparación específica para o exercicio da función inspectora. 0,01 punto por cada 10 horas de formación.	Ata 0,500 puntos	Copia das actividades de formación convocadas por administracións educativas, ou homologadas especificamente, relacionadas coa función inspectora.
4.3. Coñecementos de idiomas.	Ata 0,300 puntos	
4.3.1. Por cada titulación universitaria superior de idiomas.	0,200 puntos	Copias dos títulos que se posúen ou, se é o caso, os certificados de estudos e de ter pagado os dereitos de expedición dos títulos.
4.3.2. Por cada certificado de nivel avanzado ou equivalente de escolas oficiais de idiomas ou polo curso de especialización de galego.	0,100 puntos	Copias dos títulos que se posúen ou, se é o caso, os certificados de estudos e de ter abonado os dereitos de expedición dos títulos.

ANEXO III

Baremo para a valoración de méritos: sistema xeral de ingreso

Méritos	Puntos	Documentos xustificativos
I. Experiencia docente previa: máximo 5,000 puntos.		
1.1. Por cada ano de experiencia docente en especialidades do corpo a que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas.	1,000 puntos	Folla de servizos certificada pola Subdirección Xeral de Recursos Humanos, ou, na súa falta, certificación do secretario ou secretaria do centro co visto e prace da dirección, en que debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade, así como os documentos xustificativos do nomeamento, ou copia deles, en que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade.
1.2. Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distintos corpos a que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes de administracións educativas.	0,500 puntos	
1.3. Por cada ano de experiencia docente en especialidades do mesmo nivel ou etapa educativa que o impartido no corpo a que opta a persoa aspirante noutros centros.	0,500 puntos	Certificación da dirección do centro co visto e prace do Servizo de Inspección Técnica, en que conste a data de toma de posesión e cesamento, área ou materia impartida e nivel educativo ou etapa educativa, ou copia dos contratos de traballo xunto coa certificación da vida laboral.

CVE-DOG: g3rhvbn6-4ug8-2lj4-i9m3-2fknjmw7pw4



Méritos	Puntos	Documentos xustificativos
1.4. Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distinto nivel ou etapa educativa que o impartido no corpo a que opta a persoa aspirante noutros centros.	0,250 puntos	Certificación da dirección do centro co visto e prace do Servizo de Inspección Técnica, na que conste data de toma de posesión e cesamento, área ou materia impartida e nivel ou etapa educativa ou copia dos contratos de traballo xunto coa certificación da vida laboral.
Enténdese por centros públicos, os centros a que se refire o capítulo II do título IV da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, integrados na rede pública de centros creados e sostidos polas administracións educativas. Para os efectos desta epígrafe terase en conta un máximo de cinco anos, cada un dos cales deberá ser avaliado nunha soa das epígrafes anteriores. Non será necesario xustificar os méritos das epígrafes 1.1 e 1.2 cando os servizos fosen prestados en centros públicos dependentes desta consellería.		
II. Formación académica: máximo 5,000 puntos.		
2.1. Expediente académico no título alegado, sempre que o título alegado se corresponda co nivel de titulación exixido con carácter xeral para o ingreso no corpo (doutoramento, licenciatura, enxeñaría ou arquitectura, para corpos docentes do subgrupo A1, ou diplomatura universitaria, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica para corpos docentes do subgrupo A2); valorarase exclusivamente a nota media do expediente académico, do modo que a continuación se indica:		
Escala de 0 a 10 puntos: Desde 6,00 ata 7,50. Desde 7,51 ata 10.	1,000 punto 1,500 puntos	Certificación académica persoal orixinal, ou copia, en que consten as puntuacións obtidas en todas as disciplinas e cursos exixidos para a obtención do título alegado, con indicación expresa da nota media.
Escala en créditos, de 1 a 4: Desde 1,50 a 2,25. Desde 2,26 a 4.	1,000 punto 1,500 puntos	
2.2. Posgraos, doutoramento e premios extraordinarios:		
2.2.1. Polo certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados ou título oficial de máster (Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, BOE do 29 de setembro), suficiencia investigadora ou calquera outro título equivalente, sempre que non sexa requisito para o ingreso na función pública docente.	1,000 punto	Certificación académica ou copia do título ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de que o título se obtivese no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación ou declaración de equivalencia, segundo o Real decreto 889/2022, do 18 de outubro.
2.2.2. Por posuír o título de doutoramento:	1,000 punto	Certificación académica ou copia do título de doutoramento ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de que o título se obtivese no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación ou declaración de equivalencia, segundo o Real decreto 889/2022, do 18 de outubro.
2.2.3. Por obter premio extraordinario no doutoramento:	0,500 puntos	Documento xustificativo.
2.3. Outras titulacións universitarias: As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as alegadas como requisito para o ingreso na función pública docente, valoraranse da forma seguinte:		
2.3.1. Titulacións de primeiro ciclo: Por cada diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica, ou títulos declarados legalmente equivalentes, e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría:	1,000 punto	Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao primeiro ciclo, certificación académica en que se acredite a súa superación.
No caso de persoas aspirantes a corpos de persoal funcionario docente subgrupo A2, non se valorarán por esta subepígrafe, en ningún caso, o primeiro título ou estudos desta natureza que presente a persoa aspirante. No caso de persoas aspirantes a corpos de persoal funcionario docente subgrupo A1, non se valorarán por esta subepígrafe, en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que foran necesarios superar para a obtención do primeiro título de licenciatura, arquitectura ou enxeñaría que presente a persoa aspirante.		
2.3.2. Titulacións de segundo ciclo: Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciatura, arquitectura ou enxeñaría ou títulos declarados legalmente equivalentes:	1,000 punto	Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao segundo ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación.



Méritos	Puntos	Documentos xustificativos
No caso de persoas aspirantes a corpos de persoal funcionario docente subgrupo A1, non se valorarán por esta subepígrafe, en ningún caso, os estudos que sexa necesario superar (primeiro ciclo, segundo ciclo ou, de ser o caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de licenciatura, arquitectura ou enxeñaría que presente a persoa aspirante. Valorarase nesta epígrafe posuír o título de grao.		
2.4. Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional específica:		
a) Por cada título profesional de música ou danza:	0,500 puntos	Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto) así como, excepto na subepígrafe 2.4.b), copia daquelas titulacións que foron utilizadas para a obtención do título alegado para o ingreso.
b) Por cada certificado de nivel avanzado ou equivalente de escolas oficiais de idiomas:	0,500 puntos	
c) Por cada título de técnico superior de artes plásticas e deseño:	0,200 puntos	
d) Por cada título de técnico superior de formación profesional:	0,200 puntos	
e) Por cada título de técnico deportivo superior:	0,200 puntos	
2.5. Dominio de idiomas estranxeiros.		
Por aqueles certificados de coñecemento dunha lingua estranxeira, expedidos por entidades acreditadas de conformidade co establecido nesta convocatoria, que acrediten a competencia lingüística nun idioma estranxeiro de nivel avanzado C1 ou C2, segundo a clasificación do Marco común europeo de referencia para as linguas. Os certificados de nivel avanzado C1 ou C2 dun mesmo idioma, acreditados de acordo coa epígrafe 2.4 ou ben 2.5, valoraranse por unha soa vez nunha ou noutra epígrafe.	0,500 puntos	Certificación dun nivel de competencia lingüística C1 ou C2, segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL), de conformidade coa Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería.
III. Outros méritos: máximo 2,000 puntos.		
3.1. Dominio de linguas estranxeiras. Nivel B2. Por cada certificado oficial de recoñecemento dunha lingua estranxeira, que acredite o nivel de coñecemento de idiomas, expedidos por centros oficiais, segundo a clasificación do Marco común europeo de referencia para as linguas.	0,250 puntos por cada título	Certificación dun nivel de competencia lingüística B2, segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL), das escolas oficiais de idiomas ou dos centros oficiais, de conformidade coa Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería.
3.2. Por actividades de formación superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo polo que se presente, ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas por esta consellería ou os órganos correspondentes doutras comunidades autónomas ou o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, por institución sen ánimo de lucro, sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. Puntuaranse con 0,1 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos, sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuarán o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades estean expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.		Copia do certificado destas expedido pola entidade organizadora en que conste, de modo expreso, o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro, deberá, ademais, acreditar dun xeito fidedigno o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades a Administración educativa correspondente ou certificado de inscrición no rexistro de formación da administración educativa.
3.3. Pola impartición das actividades de formación e perfeccionamento indicadas na epígrafe 3.2. Puntuarase con 0,1 puntos por cada 5 horas. Con esta finalidade sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuará o resto de horas inferiores a 5. Cando as actividades veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.		Copia do certificado destas expedido pola entidade organizadora en que conste, de modo expreso, o número de horas de duración da impartición da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro, deberá, ademais, acreditar, dun xeito fidedigno, o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades a Administración educativa correspondente ou certificado de inscrición no rexistro de formación da administración educativa.

